

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 2 DE OUTUBRO DE 2006

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

1152/06.- José Luís Pampín Quinteiro.- Nave industrial nas parcelas 33 e 34 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.-

1635/06.- Jesús Senra Vence.- Legaliz. modificación executadas na obra de ampliación de vivenda sita na Praza de San Pedro núm.5.-

909/06.- Promociones A Torre de Guimarey, S.L.- Vivenda unifamiliar en Lugar de Tras Igrexa, núm. 39, Vilestro, na parcela 433-2-1, resultante de parcelación autorizada do plano de concentración de Sta Mª de Vilestro.-

PRÓRROGA.-

1190/06.- Bens Patricios, S.L.- Arranxo e consolidación das construcións existentes na Rúa do Pombal nú.23-24 (+).-

DEVOLUCIONS DE FIANZAS.-

1651/06.- Mercedes Noya Raña.....Expte..1393/02.....2.000 €.-

1417/06.- Com. Propietarios R/ Triacastela, 1.....Expte....172/06.....2.000 €.-

1753/06.- José Antonio Costoya Conde.....Expte..1727/05.....3.245 €.-

1566/06.- Manuel Galante García.....Expte...324/02.....2.781 €.-

1565/06.- Josefina Gesto Cancela.-Expte...65/05.....3.000 €.-

1551/06.- Emilio Balsa Mansilla.-.....Expte...2233/02.....5.355 €.-

1550/06.- Marcelino Seoane Puig.-.....Expte....269/01.....232.800 Pta.....1.399,16 €.-

1653/06.- Evaristo Muñiz Vidal.-.....Expte...1551/03.....1.623 €.-

APERTURAS.-

Lap/272/06.- Plavimundo, S.L.- Apertura garaxe comunitario de edificio en Fontiñas (bloque IV), na R/ Costa do Vieiro núm.10.-

Lap/217/06.- Colegio La Salle-Hnos Escuelas Cristianas.- Apertura de garaxe en R/ Escultor Asorey núm.2 A.-

OCIHR.

LICENZAS

FAVORABLES.-

- LIC/289/2006.- RESIDENCIAL LAS CAMELIAS S.L.- Rehabilitación de edificio de baixo e tres plantas para cinco vivendas an Rúa Cruceiro do Gaio, nº3.

- LIC/1188/2006.- MARÍA ANTONIETA RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA.-

Rehabilitación interior da vivenda da 3ª planta, cuberta e escaleira común do edificio da Rúa do Vilar, nº23.-

6.- Proposta da concelleira delegada de Emigración-Inmigración relativa á ampliación do prazo para presentación de solicitudes de axudas escolares para inmigrantes extracomunitarios e emigrantes retornados 2006-2007.

Apróbese a ampliación do prazo nun día, pasando de 15 a 16 días naturais.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito dos campos de fútbol de Santa Isabel, S. Lázaro e S. Lázaro II á FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL.

Apróbase a concesión do uso gratuíto das devanditas instalacións á Federación Galega de Fútbol.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto dun campo de fútbol municipal ao CHUS.

Apróbase a concesión do uso gratuíto do campo de fútbol ao CHUS, para poder participar na Liga de Fútbol Interhospitalaria.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións ás escolas deportivas, último trimestre 2006.

Apróbanse as bases da convocatoria para a concesión de subvencións para os centros de ensino público e concertado de primaria correspondente ao último trimestres de 2006. Así mesmo, apróbase a dotación orzamentaria de 19.000 euros correspondentes ao presente ano.

10.- Proposta dos concelleiros delegados de Deportes e Educación relativa á adopción de diversos acordos sobre o programa de natación escolar "Á AUGA PATOS" 2006-2007.

Acórdase: a aprobación das bases e a sinatura do contrato Concello-Empresa XADE, a efectos de desenvolver o programa "Á auga patos"; a prestación dos servizos dos departamentos de Educación e Deportes a efectos de intermediación cos centros de ensino interesados no programa, que ao inscribirse asumen o transporte e ida e volta desde o centro á piscina.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura para dar conta da sinatura do convenio entre o Concello e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo relativo ao festival FESTICLOWN.

Dáse conta da sinatura do convenio, que contou cunha achega por parte da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo de 50.000 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento de actividades culturais.

Apróbanse subvencións para 17 asociacións por un importe total de 28.900 euros.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á xustificación do segundo prazo do convenio de colaboración coa Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galego.

Acórdase a aprobación e o pagamento do importe de 12.000 euros co que a Concellaría de Cultura colabora no desenvolvemento da actividade "Festival Artistas de Rúa d'Gorra 2006"

14.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Xunta de Galicia no marco do plan nacional de desenvolvemento xitano.

Dáse conta da concesión por parte de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dunha subvención para o financiamento de proxectos de intervención social no marco do Plan Nacional Xitano, por un importe de 35.731 euros. Ademais, apróbase a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas entidades.

15.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a CRUZ ROJA ESPAÑOLA relativo á teleasistencia domiciliaria para a ampliación do número de terminais.

Apróbase a modificación do Convenio de colaboración para a implementación do servizo de teleasistencia domiciliaria coa Asamblea Provincial de Cruz Vermella Española da Coruña, ampliando o número de terminais que permita o orzamento asignado ao servizo, o que implica un custo anual para o ano 2006 de 10.418 euros.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á concesión dos incentivos á creación de novas empresas: "COMPOSTELA ACTIVA 2006".

Apróbase a concesión de incentivos a dous participantes do programa "Compostela Activa" e o seu pagamento.

17.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación dos gastos derivados da vaga de lume producida en Santiago do 4 ao 14 de agosto de 2006, e solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia.

Apróbanse os gastos realizados con motivos das actuacións derivadas da vaga de lume producida en Santiago do 4 ao 14 de agosto de 2006 (190.583 euros). Así mesmo, apróbase a solicitude dunha subvención á Xunta por ese mesmo valor.

18.- Proposta da concelleira delegada da UMAD para dar conta da concesión ao Concello de diversas subvencións destinadas ao esforzo global anti VIH/sida en Galicia.

Dáse conta da concesión de subvencións ao Concello, por un importe total de 7.425 euros.

19.- Adxudicación dunha Asistencia técnica para a redacción dun estudo previo de directrices e solucións arquitectónicas para a área de rehabilitación integral de PONTEPEDRIÑA.

Apróbase a adxudicación aos arquitectos Elisabeth Ábalo e Gonzalo Alonso, e o gasto correspondente (12.000 euros).

20.- Adxudicación dunha Asistencia técnica para a redacción dun estudo previo de directrices e solucións arquitectónicas para a área de rehabilitación integral do Polígono de Vista Alegre.

Apróbase o gasto correspondente á contratación da redacción do devandito estudo (12.000 euros) e a súa adxudicación ao arquitecto Celestino García Braña.

21.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras incluídas no proxecto básico e de execución de Rehabilitación da Casa de Brandía para centro sociocultural en Vidán (FASE II).

Apróbase o proxecto, prego e inicio do expediente para a citada contratación por un concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 232.114 euros. Acórdase nomear a Enrique Seoane Prado como arquitecto municipal responsable da supervisión da execución do proxecto de referencia.

22.- Adxudicación da Adquisición de vehículo para a Inspección de Servizos do Concello.

Apróbase a adxudicación á empresa Noyastar, S.L. do modelo FIAT PUNTO 1.3 Multijet 70 CV, por un importe total de 11.200 euros.

23.- Aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras incluídas no proxecto básico e de execución de Ampliación do canil refuxio de animais en Zarramacedo-Bando e adxudicación da Asistencia Técnica para a seguridade e saúde do modificado do mesmo.

Apróbase o proxecto, prego e inicio do expediente de contratación cunha licitación de 159.999 euros. Así mesmo, acórdase conceder a adxudicación a Fernando Blanco Loroño por un importe de 3.630 euros.

24.- Adxudicación das Obras de construción de muro de cimentación, estrutura, cubertas e impermeabilización do edificio destinado a centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa (CERSIA).

Apróbase a adxudicación da licitación de referencia á empresa CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA S.L., por un importe de 265.500 euros.

25.- Adxudicación do Servizo de Desratización e Desratonización no termo municipal de Santiago de Compostela.

Apróbase a adxudicación á empresa ARUMIA, S.L., por un importe de 27.150 euros.

26.- Aprobación do proxecto técnico das Obras de Rehabilitación do Edificio anexo á Escola Municipal de Música na rúa Betanzos nº 55.

Apróbase o proxecto redactado pola empresa TALIESEN ARQUITECTOS S.L.

27.- Dar conta do documento refundido do proxecto de compensación do polígono 2 do SUP-3. Pontepedriña.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da presentación do citado documento.

28.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á aprobación dunha operación de préstamo.

Apróbase adxudicar o contrato de préstamo por importe de 600.000 euros á entidade BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA de acordo coa oferta económica presentada.

29.- Propostas do Concelleiro Delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais

Apróbanse as 126 propostas.